



## **ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DE ENTRADAS AO CINE**

### **Artigo 1. Fundamento e obxecto**

De conformidade co previsto no Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura, Educación e O.U da Xunta de Galicia e o Concello do Carballiño para o desenvolvemento do programa de difusión cinematográfica CINEMAS DE GALICIA, e tratándose de convenios anuais no que se establecen os compromisos que o Concello do Carballiño adquire no referente a prezo de entrada no que se establece que sexa un prezo taxado de 3 euros por entrada (incluído iva).

De conformidade coa programación das Xociviga (Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia) que se desenvolverán anualmente e outras proxeccións cinematográficas que se leven a cabo dentro da programación cultural da Área de Cultura, estableceranse dous tipos de prezos: un para proxeccións destinadas á público adulto e outro para proxeccións infantís.

### **Artigo 2. Obrigados ó pagamento.**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado aqueles que se beneficien dos servizos ou actividades a que se refire o apartado anterior.

### **Artigo 3. Tarifas.**

A contía do prezo público regulado será a fixada segundo as programacións anteriormente citadas:

- As entradas de películas programadas polo Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e Concello: 3 euros (incluído iva).
- As entradas de películas programadas nas Xociviga e outras proxeccións cinematográficas:
  - Películas para público infantil: 3 € (incluído iva)
  - Películas para público adulto: 4 € (incluído iva)

### **Artigo 5. Fixación.**

O prezo público establecido será obxecto de modificación mediante acordo órgano competente, trala proposta do servizo correspondente ó que deberá acompañarse informe no que se poñan as causas da modificación. A entrada en vigor da modificación producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **Artigo 6. Devengo.**



A obriga de pagamento para os beneficiarios nace cando se inicie a programación correspondente.

A obriga de pagamento do beneficiario desaparece coa baixa no servizo ou actividade.

#### **Artigo 7. Normas de xestión.**

1. A recadación deste prezo público levarase a cabo nas dependencias onde se realice a proxección cinematográfica, previo a hora sinalada para a realización da mesma, sendo necesaria a presentación da entrada para o acceso ao recinto.
2. A venda de entradas será realizada por persoal autorizado, sendo obrigatoria a rendición da conta correspondente unha vez celebrada a proxección.
3. Cando por causas non imputables ao obrigado os pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

#### **Disposición derogatoria.**

Unha vez entrada en vigor esta ordenanza reguladora quedan derogadas as anteriores ordenanzas que rexían os prezos das entradas ás proxeccións cinematográficas.

#### **Disposición final.**

Os prezos públicos entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia..

#### **- Aprobación provisional:**

**-- sesión do Pleno: 29/09/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 230 do 05/10/2016**

**\* Diario "La Región" do 01/10/2016**

#### **- Aprobación definitiva:**

**-- nova redacción da ordenanza reguladora, quedando derogada a anterior.**

**-- sesión do Pleno: 01/12/2016**

**-- publicación:**

**\* BOP nº. 283 do 12/12/2016**

**\* Diario "La Región" do 12/12/2016**



CONCELLO  
DO  
**CARBALLIÑO**  
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1  
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08  
**32500 O CARBALLIÑO (OURENSE)**

*-- entrada en vigor: 01/01/2017*